

*Sétima.*—Esta autorización dáse sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra a presente resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela, a 7 de decembro de 2010.—O Director Xeral de Industria, Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces. 20110013401

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### AYUNTAMIENTOS

#### V I G O

*Anuncio polo que se publica o acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 10 de marzo de 2011, para a selección de adxudicatarios do dereito de arrendamento das vivendas de propiedade municipal sitas en Navia.*

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2011, adoptou o seguinte acordo:

*Primeiro.*—Xestionar as 35 vivendas obxeto de cesión polo IGVS, aceptada mediante acordo de Xunta de Goberno Local de 4 de marzo de 2011, en réxime de arrendamento, agás 7 vivendas que constitúen unha reserva para a atención a colectivos especialmente desfavorecidos ou en situacións de emerxencia social.

*Segundo.*—Aprobar a convocatoria pública para a selección, mediante sorteo, dos adxudicatarios do dereito de aluguer de 28 vivendas de promoción pública de titularidade municipal, sitas na Rúa Teixugueiras, Navia (Parcela XVII-A do Plan Parcial de San Paio de Navia).

*Terceiro.*—Aprobar as bases reguladoras da convocatoria referida no apartado segundo e que se incorporan como anexo do presente acordo.

*Cuarto.*—Dispoñer a publicación do presente acordo e das mencionadas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo e no enderezo web do Concello de Vigo *www.vigo.org*.

*Quinto.*—Informar que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Administración municipal ou, no prazo de dous meses, contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.”

#### A N E X O

#### *BASES PARA A SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DO DEREITO DE ALUGUER DAS VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITAS EN NAVIA.*

##### *I- DISPOSICIÓNS XERAIS*

##### *PRIMEIRA.—OBXETO*

1. As presentes bases teñen como obxeto a regulación do procedemento de selección dos adxudicatarios do dereito de aluguer de 28 vivendas de promoción pública de titularidade municipal, sitas na Rúa Teixugueiras, Navia (Parcela XVII-A do Plan Parcial de San Paio de Navia), respetando os principios de publicidade, concurrencia pública e transparencia.

*SEGUNDA.—RÉXIME DE ADXUDICACIÓN DAS VIVENDAS E DESTINO*

1. A adxudicación de vivendas obxeto das presentes bases realizarase en réxime de aluguer.

2. A renda inicial anual para cada vivenda será a determinada no Anexo II. Conforme o establecido no artigo 20.3 do Decreto 253/2007, de 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS, a renda inicial anual será a que resulte de lle aplicar o 3% ó que sería o prezo de venda da vivenda e anexos.

3. As vivendas destinaranse a domicilio habitual e permanente dos adxudicatarios.

*TERCEIRA.—RÉXIME XURÍDICO*

1. O procedemento de selección de adxudicatarios rexirase polas presentes normas e subsidiariamente pola lexislación administrativa, en especial pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Asimesmo, como lexislación específica, resultan de aplicación as seguintes normas en materia de vivenda protexida:

Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia.

Decreto 253/2007, de 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Real decreto 2066/2008, de 12 de decembro, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

Decreto 402/2009, de 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, de 12 de decembro, para o período 2009-2012, modificado polo Real decreto 1713/2010, de 17 de decembro.

*CUARTA.—CONDICIÓN DAS VIVENDAS A ADXUDICAR*

As vivendas obxeto destas bases son vivendas de promoción pública. A cesión gratuita da parcela XVII-A no Polígono de San Paio de Navia realizada polo Concello de Vigo a favor do IGVS, formalizada en escritura pública de data 12 de xuño de 2008, realizouse ca finalidade da construción de vivendas de promoción pública.

*QUINTA.—DEFINICIÓN*

1. Ós efectos das presentes Bases entenderase por unidade familiar ou de convivencia a definida no artigo 49 da Lei de Vivenda de Galicia, isto é:

- a) A formada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber, polos seus descendentes e ascendentes que convivan con eles e estean ó seu cargo.
- b) As unións de feito que estean inscritas no rexistro correspondente.
- c) Nos casos de separación legal, viuvez ou familia monoparental, a formada polos respectivos titulares das unións familiares ou de convivencia e, se os houber, polos seus descendentes e ascendentes que convivan con eles e estean ó seu cargo.
- d) As persoas maiores de idade ou menores emancipadas integradas nunha unidade familiar ou de convivencia que manifesten o seu desexo de se independizar.

2. De conformidade co disposto no artigo 34.a) do Decreto 253/2007, considéranse persoas con mobilidade reducida de carácter permanente aquelas que o sexan por causa física e que teñan mobilidade reducida que lles esixa para o seu desprazamento a utilización de medios mecánicos e que así foran recoñecidos pola lexislación vixente que lles sexa de aplicación.

Para acreditar a referida condición deberán dispor da preceptiva resolución de recoñecemento, emitida polo organismo autonómico competente en materia de valoración e cualificación de discapacidades.

*II- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN NO PRESENTE PROCEDIMIENTO**SEXTA.—REQUISITOS DOS ADXUDICATARIOS DAS VIVENDAS*

1. Toda vez que nos atopamos ante vivendas de promoción pública, de conformidade co disposto no artigo 10 do citado Decreto 253/2007, poderán acceder ás vivendas obxecto das presentes bases as persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar reúnan os seguintes requisitos:

- A. Atoparse inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivendas de Promoción Pública, coas excepcións previstas no propio Decreto.
- B. Acreditar os ingresos ponderados anuais totais que corresponden según o citado Decreto. No presente caso, ó atoparnos ante vivendas de promoción pública en aluguer, os ingresos da unidade familiar non poderán superar o 2,5 IPREM. Os ingresos da unidade familiar ponderaranse en función do número de membros que constitúan a mesma, segundo o indicado no Anexo III.
- C. Carecer, ou ter perdido o uso, de vivenda en calidade de propietario, arrendatario, usufructuario ou calquera outro título en dereito que permita o seu uso e gozo, salvo cando concorran algunha das seguintes circunstancias:
  - I. Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada.
  - II. Habitar unha vivenda suxeita a expediente de expropiación ou desafuzamento xudicial ou administrativo non imputable ó interesado ou ben ocupar aloxamentos provisionais como consecuencia de situacións de urxencia ou remodelación que impliquen a perda da vivenda.
  - III. Habitar unha vivenda a título de arrendatario/a sempre que a renda desta sexa superior á establecida legalmente para as vivendas de promoción pública.

A concurrencia dalgunha das circunstancias anteriores deberase acreditar documentalmente.

2. Asimesmo, ós anteriores requisitos para tomar parte no procedemento e solicitar o dereito á adxudicación do arrendamento das vivendas de conformidade co disposto nestas Bases, engádense os seguintes:

- D. Estar empadroadado no termo municipal de Vigo.
- E. Non haber obtido previamente financiación cualificada ó abeiro de plans de vivenda durante os dez anos anteriores.
- F. Estar ó corrente de todas as obrigas tributarias co Concello de Vigo e cas restantes Administracións Públicas.

3. Todos os requisitos anteriores deberán cumprirse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes de participación no presente procedemento.

*SÉTIMA.—RESERVA A FAVOR DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DE CARÁCTER PERMANENTE*

De conformidade co disposto no artigo 55 da Lei de Vivenda de Galicia e no artigo 34.a) do Decreto 253/2007, establécese unha reserva de 6 vivendas para persoas con mobilidade reducida de carácter permanente.

Os integrantes desta reserva clasificaranse coa seguinte orde de preferencia:

1º.—Os que precisen cadeira de rodas para os seus desprazamentos ou dependan absolutamente de dous bastóns para deambular.

2º.—Os que acrediten unha enfermidade ou discapacidade permanente que, polo seu desenvolvemento, poida chegar a impedir desprazarse sen axuda ou que afecte notoriamente a súa mobilidade.

As vivendas asignadas a esta reserva que queden sen adxudicar por inexistencia de persoas demandantes non pasarán a formar parte das vivendas a adxudicar do cupo xeral.

*III- PROCESO DE ADXUDICACIÓN**OITAVA.—DIFERENCIACIÓN DE CUPOS*

1. A totalidade das vivendas obxeto destas Bases serán adxudicadas de conformidade ca seguinte descrición dos cupos:

Cupo de reserva para persoas con mobilidade reducida: 6 vivendas.

Cupo de unidades convivenciais con ingresos ata o 1,5 IPREM: 13 vivendas.

Cupo de unidades convivenciais con ingresos entre o 1,5 IPREM e o 2,5 IPREM: 9 vivendas.

*NOVENA.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES*

1. Os interesados en participar no procedemento de selección de adxudicatarios presentarán a súa solicitude no modelo que se achega cas presentes bases (Anexo I), non podendo presentarse máis que unha solicitude por cada unidade familiar. De presentarse máis dunha solicitude por unha mesma unidade familiar serán excluídas todas elas do proceso de adxudicación.

2. As solicitudes presentaranse no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, no Rexistro Xeral do Concello, nos lugares que no seu caso se habiliten ó efecto e, en todo caso, nos rexistros ós que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

3. O prazo de presentación de solicitudes será de 45 días naturais a contar dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Décima.—Documentación a presentar. 1. Para acreditar o cumprimento das condicións requiridas na base sexta, os interesados achegaran á solicitude os seguintes documentos:

- a) Fotocopia do D.N.I. do solicitante, de cada un dos membros da unidade familiar ou convivencial e, no seu caso, do Libro de Familia.
- b) De non autorizar a Administración para recabar a información necesaria, certificado municipal de empadronamento do solicitante e das persoas que convivan con él.
- c) Certificado de ámbito nacional emitido polo rexistro da propiedade de que ningún membro da unidade familiar ou convivencial é titular de dominio ou dun dereito real de uso ou disfrute sobre unha vivenda.
- d) No caso de atoparse nalgunha das excepcións ó artigo 10.1.3 do Decreto 253/2007, recollidas na base sexta (C.I, II e III), documentación acreditativa de tales circunstancias.
- e) Documentación acreditativa do cumprimento da condición esixida no artigo 10.1.1 do Decreto 253/2007, relativa á inscrición no Rexistro de Demandantes de Vivendas de Promoción Pública.
- f) Fotocopia da declaración do IRPF de tódolos membros da unidade familiar ou convivencial do último período impositivo co prazo de presentación vencido.
- g) Declaración de que ningún membro da unidade familiar obtivo financiación cualificada ó amparo de plans de vivenda nos dez anos anteriores.
- h) De ser o caso, convenio regulador de nulidade, separación ou divorcio, ou da sentenza na que se acredite que o solicitante non ten uso da vivenda familiar.
- i) No caso de que algún dos membros da unidade familiar reunise a condición de persoa con mobilidade reducida de carácter permanente, conforme o sinalado na base cuarta, a resolución de recoñemento de tal condición, emitida polo organismo autonómico competente en materia de valoración e cualificación de discapacidades.

*DÉCIMO PRIMEIRA.—PROCEDEMENTO*

1. Unha vez analizadas polo Servizo de Vivenda e Patrimonio Municipal do Solo da Xerencia Municipal de Urbanismo as solicitudes presentadas, procederase a elaboración e publicación dun listado de solicitantes admitidos e un listado de solicitantes excluídos.

Serán excluídas as solicitudes que non se axusten o modelo que se achega como Anexo I das presentes bases, así como aquelas cuxa documentación resulte incompleta para acreditar o cumprimento dos requisitos sinalados na Base sexta.

2. Os solicitantes excluídos poderán emendar os defectos de documentación observados no prazo de dez días hábiles dende o día seguinte ó de publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo e na páxina web do Concello de Vigo, *www.vigo.org*. Se os interesados non subsanasen as deficiencias dentro do prazo concedido ó efecto entenderase que desisten da súa solicitude.

En ningún caso se poderá achegar no prazo de emendas documentación ou acreditacións de requisitos que non resultasen cumpridos o último día do prazo para a presentación de solicitudes.

3. Analizadas as alegacións presentadas e, no seu caso, subsanados os erros detectados, o órgano competente do Concello aprobará un listado de solicitantes admitidos definitivamente no proceso de adxudicación. Os listados definitivos de admitidos e excluídos, numerados correlativamente por orden alfabético, publicaranse no taboleiro de anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo e na páxina web do Concello de Vigo, *www.vigo.org*.

4. A selección dos adxudicatarios do dereito a arrendamento das vivendas realizarase mediante sorteo público ante Notario, que terá lugar no día e hora indicado polo Concello a través dun anuncio publicado no taboleiro de anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo e na páxina web do Concello de Vigo, *www.vigo.org*, ó menos con 48 horas de antelación, sen prexuízo de utilizar outros medios adicionais de publicidade. A asistencia ó acto do sorteo será libre, ca única limitación do aforo do local.

O número asignado no listado definitivo a cada solicitante será o número que lle corresponda para o sorteo. En primeiro lugar, procederase o sorteo das vivendas reservadas as persoas con mobilidade reducida de carácter permanente. Para a selección dos adxudicatarios de cada vivenda, efectuarase o sorteo mediante a extracción aleatoria de bolas inseridas nun bombo, de acordo cas regras que se expoñen a continuación:

Extracción da cifra correspondente á unidade: realizarase mediante a extracción aleatoria dunha bola de entre dez numeradas correlativamente do 0 ó 9.

Extracción da cifra correspondente á decena: realizarase mediante a extracción aleatoria dunha bola de entre dez numeradas correlativamente do 0 ó 9.

Extracción da cifra correspondente á centena: realizarase mediante a extracción aleatoria dunha bola de entre dez numeradas correlativamente do 0 ó 9.

No caso de ser necesario, en función das solicitudes recibidas, procederase a extracción da cifra correspondente á unidade de mil, mediante a extracción aleatoria dunha bola de entre o número de bolas necesario para que o sorteo se adecue o número de solicitudes presentadas.

O primeiro dos adxudicatarios elegerá unha das 6 vivendas, o segundo adxudicatario procederá a eleger unha das 5 vivendas restantes e así sucesivamente ata o sexto adxudicatario, a quen lle corresponderá a sexta vivenda.

Do mesmo xeito se procederá para sortear as vivendas dos restantes cupos.

Co resultado dos tres sorteos realizados, confeccionarase unha lista de adxudicatarios para cada un dos cupos.

A continuación procederase á confección dunha lista de reserva para cada cupo. Para elo, en primeiro lugar sortearase un número, do xeito indicado para o sorteo dos adxudicatarios. O número resultante corresponderase co número un da lista de reserva e seguindo a orde correlativa de solicitantes admitidos a participar no sorteo, formarase a lista de reservas, engadindo de xeito sucesivo nove posicións dentro da lista de solicitantes. A lista de reservas incluirá a todos os solicitantes que non resultasen adxudicatarios.

#### IV.—CONTIDO DA RELACIÓN ARRENDATARIO-CONCELLO

##### DÉCIMO SEGUNDA.—DURACIÓN DO CONTRATO

1. O contrato de arrendamento, tal e como preceptúa o artigo 25 do Decreto 253/2007, terá unha vixencia de cinco anos prorrogables por períodos anuais. En todo caso, estará prohibido a cesión ou o

subarrendamento, total ou parcial. A contravención desta prohibición dará lugar a resolución do contrato de arrendamento, con independencia das sancións que, no seu caso, correspondan.

Décimo terceira.—Contido do contrato. 1. Conforme ó disposto no artigo 27 do Decreto 402/2009, os contratos de arrendamento deben recoller de xeito específico as seguintes cláusulas:

- a) Que o subarrendamento total ou parcial da vivenda dará lugar á resolución do contrato.
- b) Que a vivenda se entrega ca alta nos servizos básicos de auga, gas e/ou electricidade.

2. Asimesmo, farase constar no contrato de arrendamento as seguintes cláusulas:

- a) A renda que corresponda satisfacer ó arrendatario.
- b) A obriga do arrendatario de manter a vivenda en perfecto estado de conservación.
- c) A prohibición do arrendatario de non realizar ningún tipo de obras, sen previo consentimento escrito do Concello, agás aquelas reparacións que fosen necesarias.
- d) A obriga da persoa arrendataria de asumir os gastos de comunidade e os consumos de suministros que correspondan.

#### *DÉCIMO CUARTA.—DEPÓSITO DAS FIANZAS DOS ARRENDAMENTOS DE VIVENDAS*

1. Para levar a cabo o contrato de arrendamento de vivenda será obrigatoria a prestación pola persoa arrendataria dunha fianza en metálico. A fianza equivalerá a unha mensualidade de renda e, durante os cinco primeiros anos de duración do contrato, non estará suxeita a actualización.

#### *DÉCIMO QUINTA.—RESOLUCIÓN DO CONTRATO*

1. En virtude do disposto no artigo 45 do Decreto 253/2007, son condicións resolutorias do contrato as seguintes:


- a) A non ocupación das vivendas adxudicadas no prazo dun mes, nos termos establecidos na normativa vixente.
- b) Non destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente do adxudicatario.
- c) O subarrendamento da totalidade ou parte da vivenda adxudicada, así como a súa cesión por parte do adxudicatario, incluso a título non oneroso.
- d) O feito de que o adxudicatario dispuxese doutra vivenda no momento da sinatura do contrato, así como o falseamento dos datos da unidade familiar.
- e) A falta de pagamento das rendas do aluguer e demais cantidades que lle corresponda pagar ó adxudicatario de acordo co establecido no contrato de arrendamento.
- f) A realización de obras que alteren a configuración da vivenda ou menoscaben a seguridade do edificio, así como causar deterioros graves no edificio, nas súas instalacións ou nos servizos complementarios.
- g) O incumprimento da obriga de conservación e mantemento da vivenda arrendada.
- h) O desenvolvemento na vivenda arrendada ou no resto do inmovible de actividades prohibidas nos estatutos das comunidades ou que contraveñan as disposicións xerais sobre actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

#### *DÉCIMO SEXTA.—RESPONSABILIDADES*

1. A falsidade nos datos achegados ou o incumprimento das condicións contidas nestas Bases por parte dos solicitantes ou polos adxudicatarios do dereito ó arrendamento da vivenda dará lugar á exclusión do proceso de selección ou, no seu caso, a revogación do dereito ó arrendamento de vivenda, sen prexuízo doutras responsabilidades nas que poidese incorrer e da súa obriga de resarcir os danos e prexuízos causados.

2. No caso de perda do dereito á adquisición da vivenda ou renuncia do titular ó devandito dereito, resultará adxudicatario o solicitante que por quenda corresponda da lista de reserva a que se refire a base décimo primeira.

ANEXO I- Modelo de solicitude

 <p><b>Concello de Vigo</b> XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO Praza do Rei - 36002 Tel: 988 810 330</p>	<p><b>Impreso de Solicitude para participar no proceso de acceso en réxime de aluguer a unha vivenda de propiedade municipal</b></p>	<p>Selo rexistro</p>
--	--	----------------------

**SEÑORA/ ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO**

<b>SOLICITANTE</b>	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono	Fax	
	<b>ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>				
	Nome da rúa, praza, etc		Número	Portal	Escalera
			Piso	Puerta	Cód. Postal
	Parroquia	Municipio	Provincia		
	Correo electrónico				
<b>REPRESENTANTE</b>	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social	Teléfono	Fax	
	Enderezo				
			Número	Portal	Escalera
			Piso	Puerta	Cód. Postal
	Parroquia	Municipio	Provincia		
	Correo electrónico				

**SOLICITA:** Participar no proceso de selección de adjudicatarios das vivendas de titularidade municipal de Navia

Quenda/s para participar nos sorteos

Cupo Ingresos ata o 1,5 IPREM:

Cupo Ingresos entre o 1,5 e o 2,5 IPREM:

Cupo de Mobilidade Reducida:  (A discapacidade con mobilidade reducida terá que acreditarse documentalmente)

**DECLARACIÓN:**

Comprometome a destinar a vivenda adjudicada a residencia habitual e permanente.

Declaro non haber obtido previamente financiación cualificada ó abeiro de plans de vivenda durante os dez anos anteriores.

Declaro estar ó corrente de todas as obrigas tributarias co Concello de Vigo e cas restantes Administracións Públicas.

Autorizo ó Concello de Vigo para recabar os datos obrantes nos diferentes servizos da propia Administración.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, mediante un escrito dirixido ó Concello de Vigo como responsable do ficheiro.

**CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA DEMANDADA EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO:**

Nº de dormitorios:

Roocho:  SI  NON  Indistinto

Garaxe:  SI  NON  Indistinto

Outros:

<b>DECRETO</b>	<b>DATA</b>	<b>SINATURA</b>
	Vigo, ..... de ..... de 20.....	

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- Fotocopia do DNI do solicitante e de cada un dos membros da unidade familiar ou convivencial e, no seu caso, do Libro de Familia.
- Para o caso de non autorizar a consulta da administración, Certificado municipal de empadronamento do solicitante e das persoas que convivan con él, con indicación da data de alta no Padrón municipal de Vigo.
- Certificado de ámbito nacional emitido polo rexistro da propiedade de que ningún membro da unidade familiar ou convivencial é titular de dominio ou de dereito real de uso ou disfrute sobre unha vivenda, salvo cando concurran algunha das circunstancias sinaladas na cláusula Sexta C. das presentes Bases.
- Documentación acreditativa do cumprimento da condición esixida no art. 10.1.1 do Decreto 253/2007, relativa a inscrición no Rexistro de Demandantes de Vivendas de Promoción Pública.
- Fotocopia da declaración do IRPF de tódolos membros da unidade familiar ou convivencial do último período impositivo co prazo de presentación vencido.
- De ser o caso, convenio regulador de nulidade, separación ou divorcio, ou da sentenza na que se acredite que o/a solicitante non ten o uso da vivenda familiar.
- De ser o caso, acreditación da discapacidade con mobilidade reducida. (Certificación de discapacidade expedida polos correspondentes servizos da Consellería de Traballo e Benestar).
- Certificado da Axencia Tributaria Española de estar ó corrente de pago das obrigas tributarias.

*ANEXO II.— Cuantía da renda anual de vivendas en aluguer***PREZOS DE RENDA ANUAL DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA**

<i>INGRESOS FAMILIARES PONDERADOS</i>	<i>PREZO DE RENDA ANUAL POR M2 ÚTIL DE VIVENDA CON ROCHO E GARAXE</i>
< 1,5 veces o IPREM	17,06 €/m <sup>2</sup>
Entre 1,5 veces e 2 veces o IPREM	19,90 €/m <sup>2</sup>
Entre 2 veces e 2,5 veces o IPREM	22,74 €/m <sup>2</sup>

1. A renda non inclúe os gastos de comunidade, nin os correspondentes aos consumos de suministros producidos nas vivendas.

2. IPREM: Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples 2009 (7.381,33 €), válido ata o 30 de xuño de 2011

3. Os prezos finais serán o resultado de multiplicar, en función dos ingresos familiares do cadro anterior, o correspondente prezo por metro cadrado anteriormente indicado pola superficie útil da vivenda adxudicada.

4. Cálculos realizados segundo establece o Decreto 253/2007 de 13 de decembro de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS e a Resolución de 29 de decembro de 2009 pola que se establece a contía do Módulo Básico Nacional 2010

*ANEXO III- Táboa orientativa de ingresos máximos ponderados***INGRESOS BRUTOS FAMILIARES MÁXIMOS PONDERADOS**

<i>MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR</i>	<i>1,5 IPREM</i>	<i>2 IPREM</i>	<i>2,5 IPREM</i>
1	11.145,80 €	14.836,46 €	18.527,13 €
2	12.384,23 €	16.484,96 €	20.585,70 €
3	13.932,26 €	18.545,58 €	23.158,92 €
4	14.861,07 €	19.781,95 €	24.702,85 €
5 o máis membros	15.922,58 €	21.194,95 €	26.467,34 €

Para a comprobación do rango ou escalado no que se atopan os ingresos da unidade familiar, sumaranse as casiñas 455 e 465 da última declaración da renda co prazo de presentación vencido (renda do 2009 ata o 30 de xuño de 2011 e renda 2010 a partires do 1 de xullo de 2011) e entrarase en función do número de membros da unidade familiar, conforme ao establecido na base quinta.

1. IPREM: Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples 2009 (7.381,33 €), válido ata o 30 de xuño de 2011

2. A partires do 30 de xuño de 2011, aplicarase o IPREM 2010 (7.455,14 €).

3. Táboa orientativa de ingresos máximos ponderados, calculada con 6 decimais para o IPREM 2009 e conforme ós coeficientes de ponderación establecidos polo artigo 10 do Decreto 402/2009 de 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012.



## ANEXO IV- 28 VIVENDAS DO BLOQUE SUR PORTAL 1 DA PARCELA XVII DE NAVIA

PLANTA	VIVENDA	DORMT.	SUP. ÚTIL	GARAXE	ROCHO	SÓT.	PREZO RENDA ANUAL SEGÚN INGRESOS		
							VECES O IPREM		
							< 1,5	Entre 1,5 e 2	Entre 2 e 2,5
1ª	A	3	81,58	15	10	1º	1.391,75 €	1.623,44 €	1.855,13 €
1ª	C	3	82,27	16	11	1º	1.403,53 €	1.637,17 €	1.870,82 €
1ª	D	3	80,23	52	12	1º	1.368,72 €	1.596,58 €	1.824,43 €
2ª	C	3	82,27	13	7	1º	1.403,53 €	1.637,17 €	1.870,82 €
2ª	D	3	80,23	14	8	1º	1.368,72 €	1.596,58 €	1.824,43 €
3ª	A	3	81,58	9	1	1º	1.391,75 €	1.623,44 €	1.855,13 €
3ª	D	3	80,23	11	4	1º	1.368,72 €	1.596,58 €	1.824,43 €
4ª	A	3	81,58	15	10	2º	1.391,75 €	1.623,44 €	1.855,13 €
4ª	C	3	82,27	16	11	2º	1.403,53 €	1.637,17 €	1.870,82 €
4ª	D	3	80,23	52	12	2º	1.368,72 €	1.596,58 €	1.824,43 €
5ª	A	3	81,58	12	6	2º	1.391,75 €	1.623,44 €	1.855,13 €
5ª	B	3MR	87,68	6	9	2º	1.495,82 €	1.744,83 €	1.993,84 €
5ª	C	3	82,27	13	7	2º	1.403,53 €	1.637,17 €	1.870,82 €
6ª	A	3	81,58	9	1	2º	1.391,75 €	1.623,44 €	1.855,13 €
6ª	C	3	82,27	10	3	2º	1.403,53 €	1.637,17 €	1.870,82 €
6ª	D	3	80,23	11	4	2º	1.368,72 €	1.596,58 €	1.824,43 €
7ª	B	3MR	87,68	53	2	3º	1.495,82 €	1.744,83 €	1.993,84 €
7ª	C	3	82,27	16	11	3º	1.403,53 €	1.637,17 €	1.870,82 €
7ª	D	3	80,23	52	12	3º	1.368,72 €	1.596,58 €	1.824,43 €
8ª	A	3	80,98	12	6	3º	1.381,52 €	1.611,50 €	1.841,49 €
9ª	A	3	80,98	9	1	3º	1.381,52 €	1.611,50 €	1.841,49 €
9ª	B	3MR	87,60	5	5	3º	1.494,46 €	1.743,24 €	1.992,02 €
10ª	A	3	80,98	15	10	4º	1.381,52 €	1.611,50 €	1.841,49 €
10ª	B	3MR	87,60	55	2	4º	1.494,46 €	1.743,24 €	1.992,02 €
11ª	A	3	80,98	12	6	4º	1.381,52 €	1.611,50 €	1.841,49 €
11ª	B	3MR	87,60	6	9	4º	1.494,46 €	1.743,24 €	1.992,02 €
12ª	A	3	80,98	9	1	4º	1.381,52 €	1.611,50 €	1.841,49 €
12ª	B	3MR	87,60	5	5	4º	1.494,46 €	1.743,24 €	1.992,02 €

Vigo, 15 de febreiro de 2011. – O Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda (Res. 2.08.10, BOP núm. 160, 20.08.10), José Manuel Mariño Mendoza.

2011003114